

Luns, 20 de xaneiro de 2020

Núm. 12

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

GROVE, O

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

MODIFICACIÓN DO PREZO PÚBLICO DA ESCOLA DE MÚSICA

APROBACIÓN MODIFICACIÓN DO PREZO PÚBLICO DA ESCOLA DE MÚSICA

A Xunta de Goberno Local do Concello do Grove, en sesión levada a cabo o 13/01/2020, acordou aprobar a seguinte modificación do prezo público da escola de música:

- Música e movemento: 30,00 € por alumno/mes
- Linguaxe musical: 30,00€ por alumno/mes
- Instrumento: 40,00€ por alumno/mes
- Linguaxe musical + instrumento: 45,00€ por alumno/mes
- Linguaxe musical + coro: 35,00€ por alumno/mes
- Linguaxe musical + 2 instrumentos: 75,00 € por alumno/mes
- Linguaxe musical + instrumento + coro: 50,00 € por alumno/mes
- Linguaxe musical + 2 instrumentos + coro: 80,00€ por alumno/mes
- Matrícula: 15 €/curso (a partires do curso 2020-2021)
- Bonificación por familia numerosa: 30%. A condición de familia numerosa deberá acreditarse debidamente co título de familia numerosa.

Normas de xestión

- A cota mensual de ensinanza é obrigatoria dende o día primeiro de cada mes, ou aquel en que teña lugar a reincorporación ou alta como consecuencia de baixa previamente comunicada, debendo satisfacerse no domicilio bancario sinalado polo interesado.
- As baixas na actividade serán comunicadas antes do remate do mes en curso por escrito no Rexistro municipal. Tódalas solicitudes de baixa presentadas no Rexistro despois do día 1 do mes terán que aboar o recibo completo e terán efectos ao mes seguinte.
- No caso de devolución dun recibo pola entidade bancaria correspondente, notificarase por escrito aos alumnos, establecéndose un prazo para que os interesados fagan efectivo o abono do importe do recibo na conta bancaria que se lles indique. No caso de non realizar dito pagamento no prazo previsto, procederase á baixa do alumno na Escola de Música. Polo tanto, o non pagamento dunha cota dará lugar a baixa definitiva.
De producirse a devolución dos recibos enviados ao banco, os gastos ocasionados correrán a cargo do titular do recibo.
- Os alumnos que teñan recibos pendentes dun ano, non poderán matricularse no exercicio seguinte.

Documento asinado dixitalmente á marxe.

O alcalde,

José Cacabelos Rico

